

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A COORDINADORA GALEGA DE ORGANIZACIÓNS NON GOVERNAMENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD PARA A PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN GALEGA, A DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS E O FORTALECEMENTO E REPRESENTACIÓN DAS ONGD GALEGAS, PARTICULARMENTE DAS MÁIS PEQUENAS".**

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, María Paz Gutiérrez, na súa calidade de presidenta da Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, asociación sen ánimo de lucro, con NIF G15369002, legalmente constituída e inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento co número 146 da Sección A o 22 de marzo de 2007, que intervén neste acto por conta e en representación da citada asociación, con capacidade para vinculala neste acto no exercicio das facultades que ten atribuídas no artigo 21 dos seus estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos


### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de campañas de concienciación e sensibilización a favor dos pobos máis desfavorecidos, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento.

**Segundo.-** Que unha das prioridades da Cooperación Galega establecidas na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é a formación, o fortalecemento e a capacitación dos axentes de cooperación e da cidadanía en xeral.

Por outra banda, a citada Lei identifica no seu artigo 96.3.b) como axentes da cooperación ás organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, que como entidades que levan a cabo actividades de solidariedade da sociedade galega cos pobos do Sur, son interlocutores permanentes da Xunta de Galicia.

**Terceiro.-** Que a Lei 10/2021, do 9 de marzo, alude na súa exposición de motivos á Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento como interlocutor permanente da Administración autonómica, xunto co Fondo Galego de



Cooperación e Solidariedade. Así mesmo, no seu artigo 99.2 reafirma este papel atribuíndo ás organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento e as organizacións que as representan, como a Coordinadora Galega de Organizacións Non-Gobernamentais para o Desenvolvemento, o rol de interlocutores permanentes dos órganos e das entidades do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento.

**Cuarto.-** Que a Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento (no que segue, a Coordinadora Galega de ONGD) é unha entidade fundada no ano 1991, que na actualidade agrupa a 47 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma. As súas áreas de actuación son: a representación institucional e o traballo en rede con outros actores galegos, estatais e estranxeiros; a formación especializada ás ONGD para o reforzo de capacidades; a promoción da reflexión e o traballo en rede ao interno das ONGD para a orientación estratéxica do conxunto das ONGD galegas e a súa constante actualización; a promoción da transparencia e o bo Goberno das ONGD a través da aplicación do Código de Conducta; a publicación de estudos e informes sobre cooperación ao desenvolvemento e outro eidos de interese vinculados cos dereitos humanos a nivel global; o asesoramento a ONGD integradas e non integradas e a público xeral sobre temáticas vinculadas coa cooperación ao desenvolvemento; e a comunicación externa e a sensibilización social para promover a difusión do traballo das ONGD e a defensa da cooperación ao desenvolvemento. Dende 2002 a Coordinadora está integrada, como membro de pleno dereito, na "Coordinadora de ONG para el Desarrollo – España.

**Quinto.-** Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento consonte o establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, considera axeitado e conveniente contribuír ao fortalecemento desa organización, en canto organismo de referencia da cooperación galega, non só para os axentes implicados na cooperación senón tamén para outros movementos sociais da nosa Comunidade Autónoma, sendo a plataforma que apoia ás ONGD galegas ou con presenza en Galicia a través de iniciativas de fortalecemento delas e de difusión das súas actividades entre a poboación galega.

A singularidade deste proxecto vén determinada polas accións de fortalecemento da propia Coordinadora Galega de ONGD, en canto organización de segundo nivel, representativa, aglutinadora e fortalecedora das ONGD que representa, así como polas iniciativas de difusión das súas actuacións diante da poboación galega que proxecta levar a cabo no ano 2025, en execución do seu Plan estratéxico 2023-2027.

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza singular e única da entidade destinataria representativa das ONGD galegas e con presenza en Galicia, que colabora coa Administración pública atendendo aos citados principios de eficacia e sinerxía prestando asistencia e participando nos órganos de asesoramento e en comisións técnicas asesoras, así como apoiando, informando e asesorando aos axentes da cooperación, e a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.



**Sexto.-** Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto


O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Coordinadora Galega de ONGD no proxecto denominado "Mellora da capacidade institucional da Coordinadora Galega de ONGD para a promoción da Cooperación Galega, a defensa dos dereitos humanos e o fortalecemento e representación das ONGD galegas, particularmente das máis pequenas".

O proxecto ten como obxectivo contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD, a través da realización das actuacións que se describen no anexo que se achega como parte integrante do presente convenio.

### SEGUNDA.- Obrigas da Coordinadora Galega de ONGD

A Coordinadora Galega de ONGD deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 1.425,00 € para a execución do proxecto, que poderá ser financeiro ou valorizado en especie.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Coordinadora Galega de ONGD comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.



8. Xustificar, mediante declaración asinada, previamente ao cobro de calquera dos pagamentos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta acción.

10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

### **TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto, que ascende a cento once mil catrocentos vinte e cinco euros (111.425,00€), aboará á Coordinadora Galega de ONGD a contía máxima de cento dez mil euros (110.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.481.1 do orzamento vixente para o ano 2025.


A Coordinadora Galega de ONGD poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

### **CUARTA.- Pagamentos anticipados**

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da Coordinadora Galega de ONGD, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima do importe da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3 a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, e na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para afrontar os pagamentos inmediatos que leva a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



1097 4

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Coordinadora Galega de ONGD indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

#### QUINTA.- Xustificación do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte da Coordinadora Galega de ONGD nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) de la Lei 10/2021, do 9 de marzo.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:


1ª parte: xustificación técnica, que incluirá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos asinado dixitalmente.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente da Coordinadora Galega de ONGD, asinada dixitalmente.
- Táboa de medición dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC).

2ª parte: xustificación económica, que incluirá:

- Unha certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente da Coordinadora Galega de ONGD, asinada dixitalmente.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, asinada dixitalmente.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número das facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor deles, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago deles.
- As facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior dos custes directos, así como a documentación acreditativa dos pagamentos.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.



Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total delas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar «Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento e título abreviado do proxecto. Naqueles documentos xustificativos de gasto imputable a máis dun financiador, deberá constar a dilixencia antes mencionada, indicando ademais o tanto por cento de financiamento que lle imputa a cada un. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación deles na que se faga constar a mencionada dilixencia.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificados e motivados, poderase aceptar a xustificación do pagamento en efectivo para importes inferiores a 1.000 euros, acompañando xustificante do cobro do provedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **SEXTA.- Facultades de inspección**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.


#### **SÉTIMA.- Publicidade**

A Coordinadora Galega de ONGD obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. Os logotipos serán facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

#### **OITAVA.- Seguimento do convenio**

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante da Coordinadora Galega de ONGD.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunindo o solicite algunha das partes.



As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

#### **NOVENA.- Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento das partes.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro total ou parcial das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- Modificación do convenio**

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.


#### **UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio**

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2025, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DUODÉCIMA.- Natureza do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o



obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Portal da Transparencia**

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

### **DECIMO CUARTA. - Devolución voluntaria da subvención**

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.


### **DÉCIMO QUINTA.- Reintegro por incumprimento**

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade delas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan..

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

### **DÉCIMO SEXTA. – Protección de datos**

Ambas as partes comprométese a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Os datos persoais proporcionados polas partes á firma do presente convenio incluíranse en senllos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio. Os datos persoais facilitados á firma do presente convenio poderán ser cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste convenio e que desempeñe actividades análogas ás descritas no mesmo, previo consentimento por escrito por ambas as partes.

No caso de que unha das partes tivese que acceder a datos de carácter persoal que se atopen en ficheiros cuxo responsable sexa a outra parte, deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no convenio.


A transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaón de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do presente convenio se así o considera oportuno a outra parte, debendo ser a parte non incumpridora resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumpridora.

Así mesmo, as partes non poderán subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, salvo que expresamente estoutra parte consintao por escrito.

As partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.

O titular dos datos persoais poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable, dirixíndose por escrito indicando "Protección de Datos" e acreditando a súa identidade (foto-copia do DNI do interesado) nas seguintes direccións: para a Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para a Coordinadora Galega de ONGD en [Lopd@megamailconsultores.es](mailto:Lopd@megamailconsultores.es), comprometéndose en calquera caso cada parte para comunicar á outra as rectificacións ou supresións que procedan respecto dos datos persoais cedidos.

As partes non cederán a terceiros os datos persoais dos asinantes salvo que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados quedan informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar co Delegado de Protección de Datos da respectiva parte, se así fóra, nas seguintes direccións: para a Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para a Coordinadora Galega de ONGD en [Lopd@megamailconsultores.es](mailto:Lopd@megamailconsultores.es). Igualmente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).



### DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e demais normativa que sexa de aplicación.


E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA  
O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA  
E DEPORTES



Diego Calvo Pouso

POLA COORDINADORA GALEGA  
DE ONGD  
A PRESIDENTA



María Paz Gutiérrez

## ANEXO

### 1.- OBXECTIVOS

**Obxectivo xeral:** contribuir a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD.

**Obxectivo específico:** Mellora da capacidade institucional da Coordinadora Galega de ONGD para a promoción da Cooperación Galega, a defensa dos dereitos humanos e o fortalecemento e representación das ONGD galegas, particularmente das máis pequenas.

### 2.- RESULTADOS

**RESULTADO 1.1: Reforzada a capacidade da Coordinadora para formar, asesorar e orientar estratexicamente ás ONGD galegas, nomeadamente ás máis pequenas.**

ACTIVIDADE 1.1.1: Realizar un curso sobre boas prácticas na formulación de proxectos de cooperación exterior dirixido ás ONGD galegas, particularmente ás máis pequenas.

ACTIVIDADE 1.1.2: Manter actualizadas as distintas canles de comunicación interna e ofrecer asesoramento ás ONGD a través do equipo técnico.

ACTIVIDADE 1.1.3: Promover a formación adaptada e a reflexión estratéxica das ONGD socias.

ACTIVIDADE 1.1.4: Promover a actividade dos órganos internos (Asemblea Xeral, Xunta Directiva) e redefinir a estrutura e funcionamento das Comisións de Traballo.

ACTIVIDADE 1.1.5: Achegarnos ás ONGD galegas que aínda non son socias.

**RESULTADO 1.2: Potenciada a capacidade da Coordinadora para comunicar externamente a transcendencia de defender os dereitos humanos e as políticas de cooperación internacional a nivel global.**

ACTIVIDADE 1.2.1: Manter actualizadas as canles de comunicación externa a través da relación con medios de comunicación, do traballo na web e redes sociais e a elaboración de produtos comunicativos.

ACTIVIDADE 1.2.2 Revisar as funcionalidades das canles de comunicación externas.


ACTIVIDADE 1.2.3: Publicar e difundir o III Informe do traballo das ONGD Galegas.

**RESULTADO 1.3: Consolidada a capacidade da Coordinadora para incidir na mellora da política pública de cooperación galega a nivel local e autonómico.**

ACTIVIDADE 1.3.1: Avanzar na folla de ruta para a mellora da Cooperación Local consensuada cos Concellos e Deputacións galegas que teñen en marcha convocatorias de axudas en materia de cooperación ao desenvolvemento.

ACTIVIDADE 1.3.2: Colaborar coa Administración Autonómica para consolidar os avances na política galega de Cooperación ao Desenvolvemento.

ACTIVIDADE 1.3.3: Promover a pertenza e participación en plataformas de interese e o traballo en rede con outras entidades da sociedade civil vinculadas con eidos estratéxicos para as ONGD socias: defensa de DDHH, desenvolvemento sostible, xustiza climática, cooperación ao desenvolvemento, etc, nomeadamente coa Coordinadora Estatal de ONGD.



## 2.- FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	Xunta de Galicia	Coordinadora Galega de ONGD
Gastos de mantemento da oficina	9.613,00 €	684,00 €
Gastos de persoal para actividades	74.840,00 €	-----
Gastos para apoiar a posta en marcha de actividades	25.547,00 €	741,00 €
<b>Total financiamento por entidade</b>	<b>110.000,00 €</b>	<b>1.425,00 €</b>
<b>ORZAMENTO TOTAL PROXECTO</b>	<b>111.425,00 €</b>	

